

## *Antropoloxía, crenzas, supersticións e lendas de Chandebrito*

CARLOS GÓMEZ COSTAS

Nas últimas décadas, a nosa cultura popular sufriu un forte esmorecemento en moitos dos seus campos, entre estes, as crenzas, supersticións, lendas.... Por sorte, existen persoas inquedas que pretenden recuperar todo ese patrimonio que non está escrito en ningures, e que se non se fixese agora, quizais mañá sería xa moi tarde, xa que os nosos maiores, os nosos avós, son, se cadra, o último elo desa longa cadea de sabedoría tradicional, unha xeración que non tiña televisión e que no campo, e na casa, a carón do lume da lareira nas duras noites de inverno, escoitaban atentamente o que lles dicían os seus avós: cómo facer determinados traballos, os xogos populares, cantigas, lendas, contos, etc.

Tódolos trazos de cultura popular, as crenzas, os ritos e usanzas sociais, os métodos de traballo e produción útiles, literarias e artísticas que ten un pobo determinado e que non se aprenden na escola nin nos libros, e que se reciben dunha xeración a outra por tradición, son o campo de estudo da etnografía. A etnografía estuda a vida dos pobos en tódolos aspectos que o configuran: as condicións climatolóxicas, a paisaxe, a terra, a casa, os procesos vitais e de traballo cotiá.

Seguindo esta liña preténdese facer un estudo etnográfico parcial da parroquia de Chandebrito, recuncho do nordés do municipio de Nigrán, situado a cabalo entre este, o de Vigo e o de Gondomar. Aínda que aquí só nos imos centrar naquelas crenzas, supersticións e lendas que garden relación coa parroquia ou cos seus veciños/as, pódese facer unha clasificación dos aspectos etnográficos, da cultura tradicional do lugar: Fases da vida (os primeiros anos, os xogos; a mocidade, as diversións; etc.); Calendario Festivo (Nadal; Entroido; Os Maios; San Xoán; etc.); As Lendas populares (sobre penas; sobre fontes; etc.); Maxia e bruxería (As bruxas; os trasnos; o mal de ollo; os amuletos; etc.); Relixión popular (Romarías; Sano-medio –S. Mamede–; Procesións; etc.); Literatura popular (Ditos; Refráns; Cantigas; Adiviñas; Contos; etc.).

Unha das características do noso folclore é a existencia de gran cantidade de narracións e contos sobre a aparición de seres con poderes sobrenaturais. As aparicións, que adoitaban producirse pola noite, en lugares sombrizos, corredoiras,

bosques, montes pouco transitados, encrucilladas, cemiterios, etc., acostumaban estar a cargo de seres de tipo diabólico, como o trasno, o diaño, o demo, o urco, ou outros dotados de poderes máxicos (encantos –que aparecían preto de castros ou mámoas-) e tamén de defuntos, sendo estas últimas as máis abundantes. Toda “aparición”, segundo a crenza popular encerraba un gran perigo para quen a presenciaba, que podía morrer, quedar encantado ou enfermarse; por iso se adoptaban distintas fórmulas para esconxurar, como dicir o nome de algo sagrado, botar auga bendita, levar unha cruz, meterse nunha igrexa, etc.

## ANTROPOLOXÍA, CRENZAS E SUPERSTICIÓNS POPULARES

### *CONXURO PARA CURAR OS MALES DA PEL:*

Os “herpes” é o nome que lle dan os veciños/as a algunhas enfermidades da pel, diferenciándoas nalgúns casos da chamada “desipela”. Para curar estes males, os curandeiros/as botaban un conxuro, que varía en cada parroquia; un dos que dicían por esta zona é “te corto herpes maligno, que vaya para abajo y no para arriba, por la gracia de Dios y de la Virgen María”, que debía dicirse de día, ao igual que outros, usados para curar a desipela, pronunciados durante 9 días, 9 veces ao día comezando de 9 para abaixo ata chegar a 1: “Buenas noches a donde vas desipela, voy a Salvatierra a buscar remedio de esta desipela: agua de mar, agua de la fuente, carrasco del monte y aceite de oliva, para cortar la desipela y que vaya para abajo y no para arriba”). Preparábase unha beberaxe con auga de mar, auga da fonte, carrasco e aceite de oliva e con ela frotábase en círculo sobre a afección. Outros conxuros son: “Buenas noches herpes maligno, non te bendigo que te maldigo...”; “Antes deste bicho ser visto, naceu Jesucristo...”.

Conta Manuel Gómez Costas que o seu tío Enrique Costas Vieitez tiña unhas espullas nas mans que non lle daban desaparecido. Un día, a veciña Celia Pérez, curandeira da parroquia, díxolle que tiña que levar envoltas nun pano ou papel tantas areas de sal coma espullas tivese, dende a súa casa polo camiño ata unha encrucillada, ao chegar alí tería que dicir un conxuro: “verrugas traigo, verrugas llevo, aquí las dejo y me voy corriendo”, e logo debía tirar coas areas de sal por enriba del, cara a atrás, marchar por outro camiño (nunca polo mesmo de ida) e non podía falar con ninguén. Enrique non lle fixo caso e pasados uns días volveu atoparse con Celia; esta ao ver que seguía tendo as espullas díxolle: “ti non fixeches o que eu che dixen”, ao que aquel lle contestou: “si que o fixen, si”. No outro día, o home probou a facer o que lle dixera a curandeira (“total, non perdo nada”, pensou), e así foi dende a súa casa baixando cara o camiño de Cordiñas e subindo polo Valiño. Ao cabo duns días produciuse un proído e as espullas desapareceron.

### *O DESFUME PARA CURAR O MAL DAS AIREADAS:*

Contan que as aireadas son males transmitidos por certos animais ao estar preto deles, ferirse cun pincho, estar cun morto, etc. Hai diversos tipos: de “cobra”: saen como escamas, se chega a cerrarse forma algo semellante a un cinto en torno ao

van (cintura), podendo morrer; de sapo: saen unhas verrugas e a pel parece de sapo; de saramaganta: sae no corpo a figura dunha saramaganta, con cores e manchas incluídos; de toupa: podrece o óso e pódese morrer dela.

Algúns veciños empregaban unha pel de cobra (serpe) e dicían un meigallo (con esta pel, palla de allos e outras herbas –romeu, loureiro e outras recollidas co orballo a véspera da noite de San Xoán- queimadas enriba dunha tella do país sen estrear e pasando nove veces por enriba do fume desprendido, durante nove noites). Este é un dos costumes máis típicos que se dan no lugar, e seguramente ten a súa orixe hai miles de anos, pero o certo é que nas últimas décadas xa case non se recorre ao desfumado, aínda así, non hai moito tempo, un veciño conta como na Fonte dos Arrocheiros (Casa de Couso) atopouse cunha serpe enorme e logo comezou a sentir un malestar no corpo, polo que foi á médica, quen lle deu tratamento, e incluso lle dixo que podía deberse á sarna dalgún can, polo que sacrificou un que tiña na casa, pero non deu resultado, polo que foi a xunto dunha curandeira nas Tomadas, quen lle dixo que era dunha aireada da cobra, e durante nove días co conxuro e o fume da palla de allos e a pel, disque curou.

#### *PROMESAS AOS SANTOS PARA SANAR MALES:*

Conta Emilio Santos Rial que o seu avó, Marcelino Rial (sancristán da parroquia nos anos 1920-30), por consello do cura José Estévez, fixo unha promesa ao San Campio de Lonxe, ofrecendo ao santo un touro que el tiña para curar do mal que padecían dúas fillas súas cando tiñan 8 e 10 anos, no ano 1918, de cando o andazo da gripe (disque tocaba a campá a defunto e ao cabo xa anunciaba outro). Este levou o venres a pé o touro e díxolle ao cura de Figueiró e aos mordomos da festa de San Campio que o poxaran, que el daríalle os cartos que lle sacasen na poxa. Así foi, e Marcelino deulle os cartos para o santo e levou o seu touro para casa e as fillas sandaron dos seus males.

#### *A NOITE DE SAN XOÁN:*

Na noite do día 23 ao 24 de xuño (San Xoán Bautista) existe o costume de facer grandes fogueiras, que se prenden arredor das doce. Algunhas persoas saltan a fogueira un número impar de veces. Tamén é moi típico asar nela sardiñas, costela e facer a queimada co seu conxuro.

É unha noite de culto ao lume, na que despois da fogueira os mozos soen ir pola parroquia roubar cancelas, carros e diversos apeiros de labranza e déixanos en lugares á vista de todo o mundo (tamén se fai na noite de San Pedro, o 29 de xuño). Na parroquia non se acostumaban a facer as fogueiras ata os anos 1970, en troques, si se ían roubar carros, cancelas, etc.; ata o ano 1985 realizábanse no “Valiño”, lugar no que se fixo a vivenda de Rosa Rial, e dende esa data ata o ano 2000 trasladouse ao pé da muralla exterior na ladeira Oeste do outeiro do Castro; outros lugares onde se facían as fogueiras e se xuntaban varios veciños/as eran a canteira do Rabete, o camiño da Quiringosta –norte da Chosiña- (As Tomadas) e á beira da estrada de Pracíns.

Outra tradición, xa case que esquecida no lugar, é a preparación de augas aromáticas con herbas (san xoáns, alcroques ou abrulas, fiúncho, codeso, fento

macho, trobisco, pólas de nogueira, pólas de ameneiro, espadana, sabugueiro, malvas, artemisa, arzais, sosas de nabo, ágramo, herbas de San Pedro, rosas de sábrigo, poutas de lobo, herbas de nosa señora, follas de carballo, rosmanillo, perpetua, roseiras, herba Luísa, romeu, trementelo, ruda, etc.) que se recollen no campo, deixando o preparado ao orballo desa noite; e pola mañá lávase a cara con esa auga para purificar á persoa e afastar envexas. Tamén hai quen coloca nos peitorís das fiestras, no corredor ou nos buracos das paredes, herbas e ramos de fiúncho, hortelá, sabugueiro, loureiro, etc. para espantar as bruxas e os males. Son rituais con orixe no culto ao lume e á auga, que probablemente proveñan dende os tempos castrexos, hai máis de 2.000 anos.

#### *O CULTO Á FERTILIDADE NA PONTE DA RAMALLOSA:*

Disque os matrimonios que non tiñan familia ningunha ían á ponte da Ramallosa; o primeiro que pasaba tiña que ser padriño da criatura, e non podían falar con ninguén; debían dar o alto e dicir “ti tes que ser o padriño”. Así foi como o tío Félix, de tía Generosa, tiña un padriño na Ramallosa, porque polo visto morriánlle todos os fillos, entón para que non lle morresen e que lle quedase algún foi alí, e aquel quedoulle.

#### *CRENZAS SOBRE DATAS SINALADAS OU LÚAS, NA AGRO-GANDERÍA:*

Existe a crenza de que, tras a matanza, non se pode salgar o porco no día da semana que cadre co día de Tódolos Defuntos, posto que a carne perderíase (así, se o 2 de novembro fose un sábado, non se podería salgar o porco nun sábado).

A matanza do porco era unha data festiva para a familia, que se reunía para sacrificar o animal, e ao día seguinte desfacelo e salgalo; despois, no fin de semana comían todos xuntos na casa do dono do porco.

Os traballos da poda da viña e de apañar os vimes débese realizar, segundo a crenza, na lúa minguante e/ou nova, nunca na forza da lúa, é dicir, no cuarto crecente ou chea. Tampouco se pode facer os venres. Igualmente, non se podía sacar o esterco da corte en venres, xa que posto nunha pilla para que ferva, este non ferve (ten que ferver antes de estendelo no campo).

#### *CRENZAS RELACIONADAS COS ANIMAIS:*

Os animais na nosa terra teñen unha extraordinaria importancia en moitas manifestacións folclóricas. ¡Quen non acorda interpretacións de determinadas situacións relacionadas con eles, a visión protectora que exercen nalgúns casos, a súa utilización para curar doenzas, etc.!:

*Os biosbardos:* son unha especie de paxaros que traen boa sorte ás casas que os poden ter engaiolados.

*A galiña:* Crese que pode curar a dor de costas e tamén que as que poñen os ovos de ouro anuncian a presenza nos arredores de importantes tesouros.

*O galo:* É o garda e reloxo da casa, xa que marca moi ben as horas cantando tres veces: sobre as doce, de dúas a tres, e ao saír o sol.

*O carrizo:* É o paxaro máis pequeno dos que se coñecen no país. Existe a crenza de que porta boas novas cando voa cara á dereita e malas se o fai cara á esquerda. Contan del que tamén pode curar o mal de ollo.

*O cuco:* Hai a crenza de que quen oía o seu canto en xaxún, será un pregui-ceiro todo o ano; tamén din que é un paxaro adiviño, xa que hai mulleres que lle preguntaban cando casarían.

#### SINAIS E AGOIRO DE MORTE:

Na nosa sociedade, ao igual que nas outras, existen varias supersticións coas que a xente trata de defenderse ou previrse contra as forzas ou feitos aos que a razón non lle atopa explicación ou solución. Hai unha serie de feitos considerados como avisos ou premonicións da próxima morte de alguén. Agoireiros por excelencia son algúns animais, os cales, segundo contan, avisaron da morte dalgúns veciños da parroquia:

- O corvo, o moucho ou a curuxa, cando durante varios días canta preto dunha casa mirando para ela, é sinal de que pronto algún dos seus moradores vai finar (o mesmo pasa se a galiña canta coma o galo).
- As ovellas, cando quedan fóra da casa, lonxe, toda a noite e non queren volver, o seu amo pode falecer.
- O can presaxia a morte cando ouvea preto da casa dun enfermo, se pon o cu para a casa deste.
- A pega, cando voa varias veces arredor da casa dun doente, este morrerá axiña.

Existen outros moitos feitos que nalgúns lugares se poden considerar coma agoiros de morte:

- Un cheiro moi forte a cera das velas ou a aceite (estes pónenselles aos defuntos nos velorios).
- Se nun funeral se apagan os cirios, axiña volverá morrer alguén.
- Se un defunto leva un ollo aberto, chama por un familiar.
- Sentir a campá da igrexa sen que a toquen e sen que a sinta ningún máis.

#### SUPERSTICIÓNS:

Para levar a cabo calquera acción, unhas datas son favorables e outras non.

O martes é un mal día ("en martes, nin te cases, nin te embarques, nin a túa porca mates, nin a túa pita botes, nin a túa tea urdas"). O venres é mal día para cortar as uñas, debendo facelo un sábado.

Os primeiros días de xaneiro indican como será o tempo en cada mes do ano.

En canto aos números, o 13, indica mala sorte: é ruín día para casar, para viaxar ou para facer calquera cousa. Contan que non se poden sentar 13 á mesa, xa que o que faga ese número pode morrer. O 3 e o 9 son números máxicos: os conxuros soen dicirse tres veces, 3 Marías curan o tangaraño e 3 veces hai que pasar ao doente polo fume para que cure; 9 litros de auga utilízanse para curar a sarna e necesítanse a auga de 9 fontes para curar o bocio.

*O mal de ollo:* É un poder extraordinario que ten a mirada dalgunhas persoas para producilles dano á xente, aos animais ou a algunhas cousas. Contra este feitizo

hai diversos remedios: facer cruces cun dente de allo enriba de quen o sofre, ou usar figas, cornos de vacaloura e outros amuletos.

Contra malas bruxas úsanse dentes de allo virxe, dentes de xabarán, cabezas de serpe, ferraduras, etc. Nas entradas aos muíños gravábanse cruces nas pedras para espantalas e que saíse ben a fariña do pan.

Para protexerse dos posibles danos da treboada fanse cruces coa vasoira e a pa do forno ou cólganse nas casas ramallos de loureiro ou de oliveira bendicido na misa do domingo de ramos (o anterior á semana santa).

*Avisos dos defuntos:* Contan que en ocasións había obxectos nunha casa que cambiaban de situación, e que era “pendido” (a consecuencia) dun defunto, cuxa familia, ao morrer este, non lle fixo unhas misas. Ao mellor deixárao dito, incluso por escrito nos documentos de cando se fan as partillas para partir o capital, e ao non terlle as misas dicían que estaba sufrindo; daquela, había que ir xunto do cura e pagarlle un novenario de misas (9) (a mediados do s.XX unha misa valía un real).

### LENDAS DE TRADICIÓN ORAL EN CHANDEBRITO: \*

Como en todos e cada un dos pobos, na parroquia transmitíronse oralmente e de xeración en xeración cantigas, relatos, contos, ditos, refráns, etc. As lendas son relatos, imaxinarios e extraordinarios, que ocorren normalmente en lugares determinados e coñecidos da aldea, nun tempo preciso.

Hai multitude de lendas: de mouros, seres con poderes especiais que vivían nos castros ou mámoas; de tesouros, de encantamentos e desencantamentos, de lobos, de heroes e santos, aparicións, etc.

#### *O MEDO ÁS PANTASMAS:*

Había un grupo de persoas de Chandebrito reunidas nun serán, que se facía con carácter festivo, e uns cantos estaban falando se tiñan medo ou non ás pantasmás, e chegaron a facer unha aposta, que consistía en ir buscar un garrafón de viño a Camos de noite.

Esa noite, un dos apostantes viña de regreso e atopouse cunha pantasma no medio do camiño do Osqueiro, e este comezoulle a bailar diante del, co cal non o deixaba pasar, e o home díxolle:

— Se é ser vivo, que fale, e senón tanto me ten.

Ao cabo, pegou un tiro ao aire, pero a pantasma seguía no medio. Repetiullo outra vez e aínda unha terceira vez, logo pegoulle un tiro, co que aquilo caeu para un lado. Ao día seguinte que volveron estaren reunidos de novo no serán, este explicou aos amigos o que lle acontecera, e pouco despois sóbose que este era irmán ou parente do que matara, polo que apesadumbrado por facer isto, desapareceu e non se volveu saber máis nada del.

---

\* Agradecer a Afonso Rodríguez González a súa colaboración na recollida dalgunhas destas lendas; a Jorge Costas Solla a realización das fotografías; e aos veciños/as informantes que figuran ao comezo ou debaixo de cada lenda.

Había unha cruz no camiño do Osqueiro, pola cal se atestiguaba que fóra un feito real acontecido na parroquia de Chandebrito, preto do cano de auga de dito camiño, que vai dende a pista que se dirixe a Camos polo Torreiro (desvío á esquerda) ata a estrada Camos-Chandebrito (curva do río), e que logo pasa ao Gabián.

*Manuel Iglesias Iglesias, Chandebrito, 1943*

*A CAPELA DE SANOMEDIO:*

Na reitoral de Camos consta que no 1779, o bispo realizou unha visita á freguesía de Camos e atopou a capela de Sanomedio en moi mal estado e propón que non se celebre culto alí, mandando que se enterren tódalas imaxes que se achen nela, coa do patrón e se faga outra nova imaxe do mesmo santo, se lle poña chave ás portas que se teñan pechadas. Probablemente nesta mesma visita tamén percorre o Camiño dos Matos, (xa que nesa época comeza a loita veciñal pola constitución dunha nova parroquia, por acharse a igrexa de Camos moi lonxe para os veciños de Chandebrito) e cóntase que levaron ao bispo da igrexa de Camos a Chandebrito polo camiño máis longo.


*AS IMAXES DA CAPELA DE SANOMEDIO:*

Entre as imaxes que había na capela, os de Camos dixeron que os de Chandebrito as levaran, as cales parece ser que se atopan na igrexa desta última, que son, San Mamede (Sanomedio), San Roque, e quizais tamén a Virxe do Rosario. O día 26 de Agosto celebrábase nesta capela unha romaría tradicional. Aínda non hai moito tempo que existían as cimentacións, aínda que agora soamente quedan algúns restos de tella e algunha pedra traballada. Actualmente o lugar onde se situaba non é de Chandebrito nin é de Camos, xa que pasa por el o tornalumes que separa a ámbalas dúas parroquias.

Hai moitos anos, as parroquias de Chandebrito e Camos non se levaban ben, porque todos querían ter para a súa parroquia o Sanomedio (da capela sita na actual extrema das dúas). Para acabar con tan noxento andar fixeron un trato: os veciños de cada parroquia íanse xuntar cada un en diante da súa Igrexa e saírían correndo polo monte arriba; quen chegase o primeiro, para el era a capela do santo. Gañou Chandebrito e hoxe o santo está na súa Igrexa.



Outeiro do Ganador (situado detrás do Colexio Estudio)



Outeiro do Ganador (baixo a frecha) e o lugar da desaparecida capela de Sanomedio (baixo o nº 1).

En Camos dise que saíron dende as igrexas correspondentes; quedando de saír á alba, os de Chandebrito saíron antes. En Chandebrito cóntase:

Os de Camos e os de Chandebrito acordaron quedar nun punto intermedio: “*O Outeiro do Ganador*” (nome que lle quedou a dita elevación co motivo da disputa) e o primeiro en coller a figura do Santo quedaba con ela. A partir de aí existen varias versións: unha di que chegou primeiro o de Chandebrito, e outra, que o primeiro foi o de Camos, pero acabaron a paus e gañou o de Chandebrito. Fose como fose o Sanomedio consérvase e vénérase na igrexa de Chandebrito.

(probablemente esta lenda fose realidade e de selo, dita disputa sería entre o ano 1786 e 1807).

*Manuel Iglesias Iglesias, Chandebrito, 1943*

#### AS ROGATIVAS. PROCESIÓNS AO MONTE DOS CRUCEIROS:

Parece ser que no monte dos Cruceiros (Barrio de Igrexa), facíaselle unha homenaxe á Ascensión do Señor, na cal levaban á Virxe do Rosario, e chegando alí o cura lía unha ladaíña. Ao rematar ían cantando ao Rosario, do mesmo xeito para abaixo que coma o fixeran ao ir para arriba. Hoxe neste lugar consérvase unha cruz das cinco que había (consérvanse os pés), e polo camiño que pasaban aínda hai outra máis (na parede que pecha a finca da vivenda na rúa Igrexa, 9).

Saían da igrexa parroquial e repenicaban as campás, polo camiño do que aínda se conservan uns tramos intactos, pasaban pola parte alta do “Valiño”, facían unhas reverencias e chegaban aos cruceiros, e as mulleres rezaban e cantaban. Daban unhas voltas arredor e logo volvían para a igrexa. Era no Xoves





Abaixo, camiño da igrexa aos cruceiros, no Valiño. No centro á dereita, os cruceiros, baixo o Castro.

Santo pola tarde; tocaban as campás ao mediodía (a partir de aí dicían que era día santo) e despois durante eses tres días non tocaban máis, ata o sábado, que dicían “apreceu a Aleluia”. A imaxe que subían aos cruceiros era o Xesucristo e tamén á Virxe do Rosario.

En tempos de seca facíase unha procesión de rogativa dende a igrexa ata os cruceiros, coa Virxe.

Unha vez os de Camos trouxeron a Santa Eulalia e os de Chandebrito levaron a San Xosé a Camos, e polo camiño caeulle o santo.

Facíase o intercambio das imaxes da rogativa na ponte do “Gancholo” (chámase así a pontella de pedras que está cen metros abaixo do Muíño dos Matos de Chandebrito). Esta ponte fai de extrema entre Chandebrito e Camos.

*Claudino Pérez, Chandebrito, 1917 e Emilio Santos R, Chandebrito, 1931*



O antigo camiño do Valiño preto dos cruceiros.

*O SOBRÍÑO DO CURA DON VICENTE:*

Vicente Márquez, (párroco dende 1834 ata 1872), tiña un sobriño demasiado espelido que viñera da América. Un día, mentres se celebraba a misa, este aproveitou que non estaban os moradores, para roubar un baúl na casa do Barreiro das Rozadas, (actualmente de Francisco Rodríguez, sita en Rúa Rozadas, 6, e propiedade dos ascendentes deste) e levouno a unha casa situada máis abaixo do Muíño dos Matos, que aínda hoxe existe. Así foi como colleron fama de ladróns. Tamén contan que ceibaban o gando polos campos dos veciños do cura. Este sobriño morreu en Mahón, no presidio.

*Benigno Rial Iglesias, Chandebrito, 1914*

*O CAMIÑO DOS MATOS:*

Polo camiño que baixa de Pracíns, polos Campos do Paso (nome que lle quedou por pasar por eles os veciños para ir á igrexa de Camos) e logo polos Matos ían os defuntos ao cemiterio de Camos: Era un camiño malísimo; unha vez ían co defunto ao lombo e chovía tanto que lles caeu a caixa por un valado abaixo. Cando chegaron a Camos cheos de lama, aínda tiveron que abrir o burato, cheo de auga. A caixa dos defuntos, que estaba forrada de negro, era comunitaria, e pasaron por ela tódolos veciños de Chandebrito ata 1786 (conservábase na Casa das Novenas ata que se reformou esta, sobre o ano 1965).

*O NOME DE CHAN DE BRITO:*

Un señor que viña dunha familia dun tal Brito viu para unha chan dos montes do barrio de Chan de Brito (actual barrio da Igrexa), a pastar co gando e a cultivar unhas terras, e quedoulle a Chan de Brito (sobre o lugar onde estaba a chan hai varias versións: na Lapela, nas Chans, na Casa de Couso, no Cochiño, no Horto...).

*Rosa Otero Rial, Nigrán, 1924*

*O CEMITERIO DOS MOUROS DO CASTRO:*

Contaban os vellos que no lugar do “Penedo Redondo” (leste da “Casa de Couso”, no límite entre os montes veciñais de Chandebrito e de Vincios), existía un “cemiterio dos mouros do Castro”. Nese outeiro está a tumba do xefe ou rei dos mouros, e dicían que debía estar fóra do Castro, no lugar onde lle dese o sol durante todo o día, dende o nacemento ata a posta.

Tamén dicían que habitaban unhas ruínas, que identifican como a antiga situación da Chan de Brito primitivo, no lugar do Horto (Pracíns).

*O CARBALLO ENCANTADO:*

Segundo unha curandeira de Coruxo, chamada Emilia “A Peneda”, xa falecida; nese mesmo lugar, na Casa de Couso, había antigamente un carballo enorme, moi vello, e que non se cortaba porque segundo a lenda estaba enfeitizado e tiñase medo, se alguén pretendía danalo, púñase a tremer.



O Penedo Redondo, ao lado do camiño de Casa de Couso a Vincios e Valadares

#### *O TESOURO DO MORO JUAN:*

Contan que no Monte do Castro deixaron os mouros un tesouro de ouro claro e tamén armas agochadas. Disque o “Moro Juan” fora un xefe dos mouros que habitaron no monte do Crasto, e cando estes marcharon, o moro Juan deixou o ouro enterrado.

#### *A PRESA DOS SOLDADOS:*

Contan que nos tempos da guerra contra os mouros, estes agochábanse no monte do Castro, e que os “soldados” que loitaban contra eles íanse lavar á “Presa dos Soldados”, situada nos montes de “Sanomedio”.

#### *O FORNO DOS MOUROS:*

No lugar de “As Campanas”, outeiro próximo ás Rozadas (hoxe recortado pola construción da autoestrada) existe un penedo furado por debaixo, completamente afuracada. Contan os veciños que era o forno dos mouros e que alí cociñaban estes. Así aparece indicado nunha revista de arqueoloxía, nunha cita da década dos anos 1970.

#### *O PENEDO DE INÉS:*

Cando Rogelio era pequeno, ía moito á casa dunha muller maior que sabía moitas historias. Contáballas a el e a outros rapaces nunha lareira de terra na vella casa. Contan que alí había uns grilos brancos, e atribuíalle esta cor á falta de luz.

Alí faloulle sobre o Penedo de Inés, penedo grande que se atopa no alto do curuto de Cabeza de Cerne, en Coruxo, a escasos metros dos límites da parroquia de Chandebrito. Segundo contaban os vellos, alí nese penedo, algúns miraron unha muller peiteándose, tanto ao romper o día como ao anoitecer. Dicían, sen embargo, que pasando polo lugar varias persoas, unhas podían mirala e outras non percibían nada.

*A GALIÑA CON PITOS:*

Disque o tío Francisco mirou algunha vez unha galiña con pitos da color do ouro no lugar do Regueiro, situado por baixo do castro de Chandebrito. Estes pitos eran de ouro, pero endexamais ninguén foi quen de coller un, nin por máis que buscou puido ver onde aniñaban, xa que se metían polas fendeduras duns penedos e desaparecían. Tratábase dun encanto realizado polos mouros do castro. Dicían que alí existía un tesouro que quen o atopase fariase moi rico.

*Benigno Rial Iglesias, 1914*

**APARICIÓN DE SERES DO MÁIS ALÁ***O DEMO BURLÓN E O CARPINTEIRO:*

Un veciño conta que ao seu avó, que era de Freixo, estaba casado aquí, en Chandebrito, e era carpinteiro; tiña escopeta e cazaba. El madrugaba moito, porque daquela íase a pé, polos montes, e ía cun farol e coa escopeta ao lombo cara a Freixo a traballar a xunta os muíños do Arieiro, e ao atravesar para Freixo, apareceu un can diante del, un can pequeniño, que levaba unha luz no cu, e como non saía de diante del, colleu a escopeta e deulle un tiro; pero a escopeta revirou para atrás, que non lle deu ao can, dobrouse o cano da escopeta e o tiro veu para atrás; non matou ao home de casualidade, e o can quedou coa mesma saúde. Disque era o demo burlón, un trasno, un ser que se podía transformar en calquera animal (can, gato, raposa...) para gastar bromas pesadas pola noite.

*O DEMO BURLÓN E A CARBALLEIRA DA REGUEIRA DO CORVO:*

Tres mulleres, xa finadas, cando eran mozas, ían ao xornal, a San Paio e a Bouzas, levantábanse á mañá cedo e levaban un farol. Chegaron á entrada da Tomada do Ferreiro, pasando a Regueira do Corvo (entre Chandebrito e Coruxo), daquela había moitos carballos nese lugar, así que entraron na Tomada do Ferreiro, ao querer baixar, disque comezaron tódolos carballos a caer, non miraban nada, sentiron un ruído fortísimo de caer os carballos; entón deron volta e foron chamar polo pai, e dixéronlle que fora con elas, porque había un desastre, e que caeran os carballos todos; o home foi con elas ata alá e observou que todo estaba como sempre, que non pasara nada.

*A COBRA CON CUNCHA:*

Unha veciña relata cómo viu unha serpe que asubiaba e que tiña a cuncha para meterse dentro. Foi nunha pleinada na Rega, ao pasar a Fraga, nas Centieiras tirando cara a Rega; ela era pequena e ía coa irmá ás piñas, cando de súpeto divisou unha cobra con cascabel, levou un susto que houbo de morrer; a cobra estaba metida nunha cuncha en forma de abanico e púxose de medio corpo para

arriba de pé e asubiando. As nenas escaparon a chorar con toda, e a finada de Pura, que viña de Chandebrito, despois de saber do conto, díxolles “víndevos, que é unha cobra de cascabeis”.

#### *O TÁRTALO:*

Unha muller xa maior da parroquia conta que, cando era nena, mirou ao tártalo en Camos, baixo a forma dun can grande e negro, que baixaba por un piñeiro con gran habilidade; e tamén o mirou pasando polo arame dunha viña. Di que o tártalo fórmase de moitos animais (can, gato, carneiro...) e que é o mesmo que o lobishome. Segundo ela, agora non se mira iso debido á cantidade de misas que se pagan agora polos funerais, pola confesión de ánimas. Di que está feito como de aire.

Conta a veciña que o tártalo seguía continuamente á súa tía de día e de noite, aínda que só o miraba de noite, en forma de carneiro, cando ía da súa casa para o muíño e do muíño á casa. Ía á súa par, por enriba dos valados do camiño e seguía ata a porta da casa, e entón dicíalle: ¡malo raio te parta, arrenégote demo, alabado sea Dios!; e falando en Deus marchaba, desaparecía.

A mesma veciña di que a súa nai fora a apañar herba da semente mandada pola súa nai no día da Asunción, e aínda que, segundo contaban, era un dos días “fortes” do ano xunto aos do Xoves Santo e o Día del Señor, cando “nin os paxaros revolven o niño”, ela foi de todas formas á herba. Cando chegou á casa, atopouse na porta unha galiña morta e decapitada.

Contan que unha noite, o tártalo (que era un carneiro cuns cornos moi grandes e que andaba de noite) colleu a tío Domingos “do Monte”, e que o deixara no borde da presa de Rodas, que o colleu ao lombo e levouno alí e alí o deixou quedar. Cando o home veu en si dixo ¿quén me trouxo aquí, Dios mío?: E volveu para a súa casa.

Unha veciña narra cómo dunha vez saíu do interior da casa para ir xunto as vacas da familia, pero que antes de chegar a entrar na corte sentiu o repenicar dunhas campaiñas. Estrañada, pois as vacas deles non levaban chocas, foillo contar ao seu pai. Este advertiulle que non se achegara ás vacas, pois quen facía soar as campaiñas era o tártalo.

#### *A SANTA COMPAÑA EN COVA DE LOBO:*

En Chandebrito chamábanlle “O Acompañamento” ás ánimas (almas) en pena que ían en procesión nocturna por carreiros e corredoiras da aldea anunciando a morte dun veciño; contan que saía do adro parroquial ás doce da noite e aparecía en Cova de Lobo e que podían levar con elas a un vivo que atopasen polo camiño, que iría así diante cunha cruz (este, de non conseguir traspasala, esmorecía, chuchábase ata morrer). Para que non te levasen había que saír do camiño ou debuxar un círculo no chan e meterse dentro del.

Os avós dos nosos maiores dicíanlles a estes cando eran uns nenos “hai que ir para casa, que andades por aí de noite, e pode vir por aí un acompañamento e lévante con eles”.

Contan tamén que un home, cando ía xunto da moza, chegou ao alto da estrada e non puido pasar, disque se lle atravesou algo diante que non sabía o que era, había moito vento, e el quería pasar pero finalmente tivo que dar volta. Era o acompañamento.

Algún veciño da parroquia conta que “o acompañamento non o mira ninguén, só unha persoa que sexa relixiosa, que estea en bo lugar, unha persoa mala non mira o acompañamento, porque ese é o acompañamento das almas. Disque unha muller aí en Valadares sentía todas as noites pasar pola porta da casa así como un aire, pero con moitas velas, pasaba e a rezar o rosario todas as noites; pero ela non sabía o que era. Disque era o acompañamento, que o miraba ela porque era moi relixiosa, moi santa, xa estaba “en el cielo” (...).”

Unha muller de Chandebrito saía todas as noites da casa cun caldeiro na man. Ao día seguinte non se lembraba de nada do que fixera pola noite. Contan que marchaba co acompañamento a visitar a persoas que proximamente ían morrer. Din que esta muller quería pasar o costume a unha neta súa, pero que esta non quixo. Tivera que ir a un curandeiro para tirarllo.

Un home de Chandebrito observou o enterro dun veciño, foi testemuña de todo o ritual (a procesión, quen portaba o cadaleito, as oracións...). Finalmente, ollou cómo o enterraban en certo nicho. O home aínda estaba vivo entón, pero ao cabo de tres días, morreu, e todo veu transcorrer como una réplica exacta da visión, incluída a deposición da caixa naquel nicho concreto.

Outros seres do máis alá que se aparecían, eran: “A Botica”, que disque andaba entre os campos de millo e que a quen collese alí sacíralle as tripas para facer medicamentos; “O Rouba Rapaces” (do que din que asexaba por entre os milleiros); “O Sacaúntos”; “O Home do Saco”; “O Demo Burlón”; “O Lobishome” ou “O Tártalo” (do que contan que se lle apareceu á avoa de Francisco Rodríguez das Rozadas nunha mina no lugar das Besadas; tamén contan que un matrimonio que tiña seis fillos, o primeiro deles tiña que ser o padriño do último, senón aquel fillo que nacía era tártalo).